

# CURSO ESCOLAR E HORARIOS DE CLASES

A Sionlla – Santiago, 7 de setembro de 2021.

**PERIODO LECTIVO:** As actividades lectivas realizaranse do día 9 de setembro de 2021 ao 22 de xuño de 2022 ambos os dous inclusive.

No presente mes de setembro de 2021 e no mes de xuño de 2022, o horario de clase será en sesión única de mañá:

ENTRADA	SAÍDA
9:30 HORAS	15:00 HORAS

Repartida da seguinte maneira: HORARIO LECTIVO de 9:30 a 14:00 hs.  
COMEDOR de 14:00 a 15:00 hs. Saída dos autobuses ás 15:00 hs.

Do día 1 de outubro 2021 ao 31 de maio de 2020 ambos os dous inclusive a xornada escolar transcorrerá segundo o seguinte horario:

	ENTRADA	SAÍDA
MAÑÁ	10:00 H	13:20 H
TARDE	15:20 H	17:00 H

**COMEDOR ESCOLAR:** o servizo do comedor escolar comezará o seu funcionamento o día 9 de setembro de 2021 e rematará o día 22 de xuño de 2022 ambos os dous inclusive. Horario de 13:20 a 15:20; agás nos meses de setembro e xuño que será de 14:00 a 15:00 hs.

## HORARIO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

**O profesorado adica á atención directa ás familias todos os luns de 5 a 6 da tarde.**

Por mor da situación sanitaria que estamos a vivir polo Covid-19, na que debemos extremar as medidas sanitarias entre outras limitan o acceso ao Centro- fanse preferibles as reunións de tutorías por medios telemáticos e reiteramos a conveniencia de que comuniquen con antelación, de xeito que se facilite a programación das mesmas e a recollida de información de todo o profesorado que incida na educación do seu fillo ou filla.

## VACACIÓNS E DÍAS NON LECTIVOS

Segundo a *Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos*, son días non lectivos e períodos vacacionais:

1. **Nadal** abranguerán desde o 22 de decembro de 2021 ata o 7 de xaneiro de 2022, ambos os dous inclusive.
2. **Entroido:** días 28 de febreiro e, 1 e 2 de marzo de 2022 .
3. **Día do Ensino:** celebrarase o día 11 de outubro de 2021.
4. **Semana Santa** abranguerán desde o día 11 ata o 18 de abril de 2022, ambos incluídos.

O Consello Escolar poderá designar un día non lectivo, de libre elección polo centro, como festa laboral de carácter local.

## SERVIZOS COMPLEMENTARIOS: COMEDOR E TRANSPORTE E COMEDOR ESCOLAR

O **comedor** contará con 8 monitores contratados pola Consellería e con 6 prazas de colaboradores/as (nais, pais ou titores/as legais) dos que a día de hoxe están apuntados 3.

Todos os **autobuses** contarán coa asistencia dunha coidadora ou coidador. As paradas asignadas teñen carácter fixo e só se poderán cambiar previa solicitude por escrito e confirmación da mesma. Os itinerarios serán os mesmos os das mañás e os das tardes pero á inversa.

Haberá **Servizo de Madrugadores**, xestionado polo Concello de Santiago, a partires da 7:45 hs da mañá. Sendo necesaria entregar a solicitude no rexistro dese concello.